



Lembra! É importante a implicación de todas e todos para acadar a igualdade de xénero no ámbito laboral

Sensibilización en

Igualdade de oportunidades

Claves para entender, promover e alcanzar a igualdade de oportunidades no traballo

Co financiamento de:



Que é o Igualdade de oportunidades?

A igualdade no traballo é un dereito de todas as persoas que forman parte da empresa. Trátase dun aspecto moi importante para a organización e para as persoas empregadas, pero tamén para a sociedade. A igualdade laboral debe entenderse como a práctica das mesmas condicións de traballo para mulleres e homes, sen importar o sexo, o estado civil, a súa orixe étnica ou raza, a clase social, a relixión ou a súa ideoloxía política.

Exemplos de desigualdade;

- Fenda salarial
- Dobre presenza
- Teito de cristal
- Reducción da xornada laboral por coidado de menores

Beneficios que xera a igualdade laboral

- Mellora o clima laboral
- Orgullo de pertenza
- Reduce o absentismo e aumenta o rendemento
- Igualdade de oportunidades en formación e promoción
- Equilibrio entre vida persoal e profesional
- Aumento da motivación
- Maior benestar da persoa traballadora
- Mellora a imaxe da empresa
- Maior facilidade á hora da captación e retención de talento

Como promover a igualdade?

Prácticas empresariais igualitarias: procesos de selección e contratación obxectivos e con perspectiva de xénero, representación equilibrada en todos os niveis, promocións e capacitación equitativas, e garantir as mesmas condicións de traballo e retribución entre mulleres e homes

Ambiente inclusivo e seguro: formación paritaria, igualitaria e non sexista, asegurar unha contorna de traballo respectuosa e libre de situacións de acoso, fomento dunha cultura inclusiva

Conciliación e protección: facilitar a conciliación entre a vida persoal e profesional, velar pola protección das vítimas de violencia de xénero e garantir os seus dereitos laborais, e integrar a perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais

Sensibilización e recoñecemento: realizar accións formativas e xornadas de sensibilización, garantir canles de comunicación que promovan unha imaxe de igualdade entre homes e mulleres, e recoñecemento igualitario dos logros

Como conseguir o cambio?

O cambio empeza nas persoas: necesitamos a implicación de todo o equipo para romper estereotipos, reforzar a cultura organizacional e inspirar un compromiso constante coa igualdade laboral, poñendo en valor ás mulleres da empresa.